

**REUNIÓN DA COMISIÓN PERMANENTE
NON LEXISLATIVA PARA AS
RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS**

Día: 28.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 28 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Debate e votación das propostas de resolución formuladas en relación co informe de fiscalización de regularidade das contabilidades electorais correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 21 de xuño de 2017

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Vicepresidente	
José González Vázquez	P
Secretaria	
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S

Vogais

Jaime Castiñeira Broz	P
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
José Manuel Lago Peñas	EM
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Moisés Rodríguez Pérez	P
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Antón Sánchez García	EM

Reunión da Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co
Consello de Contas

Día: 28.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Debate e votación das propostas de resolución formuladas en relación co informe de fiscalización de regularidade das contabilidades electorais correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016.



(Comisión)

PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN

ao Informe de regularidade das contabilidades electorais correspondentes ás eleccións ao Parlamento de Galicia celebradas o 25 de setembro de 2016

(10/IFIS-000001)

Informe de fiscalización: BOPG núm. 93, do 30.03.2017

Propostas de resolución: BOPG núm. 133, do 22.06.2017



Propostas de resolución presentadas:

	páx.
GP DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG): 8 propostas de resolución (doc. núm. 9910)	3
GP DOS SOCIALISTAS DE GALICIAN (S): 4 propostas de resolución (doc. núm. 9937)	5
GP DE EN MAREA (EM): 6 propostas de resolución (doc. núm. 9915)	6
GP POPULAR DE GALICIA (P): 4 propostas de resolución (doc. núm. 9936)	8



GP DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (doc. núm. 9910)

Resolución número 1

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas oportunas para reforzar o financiamento público dos partidos, con medidas de aforro e racionalización do gasto, co establecemento de límites máis estritos ao financiamento privado, o reforzamento de medidas de transparencia e medidas de sanción e castigo aos incumpridores.

Resolución número 2

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas necesarias para avanzar na limitación ao financiamento privado dos partidos políticos. Nomeadamente, a que as organizacións políticas non reciban directa ou indirectamente doazóns de persoas físicas que sexan administradoras, directivas, executivas ou accionistas que ostenten unha posición relevante nos órganos decisorios de empresas ou entidades que teñan, directa ou indirectamente, incluso como subcontratistas, contratos co sector público que sexan concesionarias de servizos públicos, que perciban subvencións, avais ou préstamos subsidiados polo sector público ou a súa actividade dependa de normas ou instrucións reguladoras ditadas polo sector público.

Resolución número 3

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a impulsar medidas exemplificadoras para castigar aos incumpridores, e, en particular, que se suspenda o pagamento de subvencións cando se diten sentenzas onde se declare a responsabilidade penal da formación política ou de persoas con responsabilidades na xestión das súas finanzas.

Resolución número 4

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a tomar as medidas oportunas para avanzar no aforro das organizacións políticas nas campañas electorais, nomeadamente no relativo a prohibir a distribución de papeletas e sobres electorais e o envío das mesmas e da propaganda electoral por correo.



Resolución número 5

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a impulsar un paquete de medidas para racionalizar o gasto das organizacións políticas e de mellora da calidade democrática nas campañas electorais, tais como: como incrementar a cobertura informativa das campañas electorais nos medios de comunicación públicos, establecer a obrigatoriedade da celebración de debates e de que os medios públicos emitan en horario de máxima audiencia entrevistas con candidatos das distintas formacións políticas.

Resolución número 6

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a reforzar as competencias en materia de fiscalización das organizacións políticas por parte do Consello de Contas, instando ao Goberno galego a procurar o asinamento de instrumentos de cooperación ou colaboración entre o Tribunal de Cuentas do Estado e o Consello de Contas de Galiza co fin de que a fiscalización dos partidos políticos galegos, así como das organizacións territoriais que teñan en Galiza partidos políticos de ámbito estatal se efectúe integramente polo Consello de Contas de Galiza.

Resolución número 7

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a impulsar o emprego da lingua galega nas relacións que as diversas entidades galegas manteñen co Consello de Contas.

Resolución número 8

O Parlamento insta á Xunta de Galiza a que favoreza a extensión do labor do Consello de Contas canto á fiscalización da regularidade de gastos electorais ao control do gasto público en materia de publicidade desenvolto pola Xunta de Galiza e organismos dependentes no trimestre anterior á celebración de eleccións así como nos días de campaña electoral para garantir a non existencia de publicidade electoral encuberta.



GP DOS SOCIALISTAS DE GALICIA (doc. núm. 9937)

Resolución número 1:

Aprobar o Informe de fiscalización das contabilidades electorais correspondentes ás eleccións o Parlamento de Galicia do 26 de setembro de 2016.

Resolución número 2

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que se publiquen no portal de transparencia do Parlamento de Galicia os gastos de campaña electoral dos diferentes partidos políticos con representación parlamentaria.

Resolución número 3

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que traslade á subcomisión, recentemente creada no Congreso dos Deputados, para reformar a Lei electoral co fin de:

- a. Regular as doazóns de particulares ás formacións políticas, garantindo a identificación dos doantes ante o órgano de control
- b. Regular os microcréditos, garantindo a identificación dos acredores ante o órgano de control.
- c. Elaborar unha desagregación das achegas de doantes, acredores, afiliados e cargos públicos ante o órgano de control.
- d. Regular que aqueles partidos que se teñan financiado ilegalmente a través de actos de corrupción dos seus cargos públicos ou orgánicos deben facerse responsables patrimonialmente dos seus actos, co fin de facer responsables patrimonialmente aos partidos políticos dos actos de corrupción dos seus cargos públicos ou órganos dirixidos a financiar ilegalmente as súas actividades.

Resolución número 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que traslade á subcomisión, recentemente creada no Congreso dos Deputados, para reformar a Lei electoral co fin de que se estude a reforma ou eliminación do envío postal aos electores dos sobres ou papeletas electorais, promovendo un aforro substancial de recursos públicos.



GP DE EN MAREA (doc. núm.9915)

Resolución número 1

Que polo Consello de Contas de Galicia, ante a evidencia da existencia de financiación ilegal de campañas políticas do partido do réxime, se estableza un mecanismo de fiscalización e auditoría das contas e facturas campaña electoral, que permita establecer a veracidade e realidade da equivalencia entre as contas e os custes reais da campaña, de forma que a fiscalización non se limite á mera tramitación formal das facturas, senón á verosimilitude das mesmas.

Resolución número 2

Que polo Consello de Contas de Galicia se estenda a súa labor ao control das aportacións dos partidos ás contas electorais, de forma que se estableza de forma inequívoca a procedencia destas aportacións.

Resolución número 3

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover os mecanismo oportunos para facilitar os trámites telemáticos oportunos na presentación e fiscalización das contabilidades electorais.

Resolución número 4

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover e desenvolver as modificacións legais oportunas, de forma que existan mecanismos coñecidos e transparentes, que faciliten os novos procedementos de financiamento mediante micromecenazgo.

Resolución número 5

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a promover as medidas oportunas que permitan modificar a normativa electoral para lograr a eliminación do envío postal de papeletas electorais, ou a utilización de papeletas electorais fóra dos colexios



electorais, de forma que o voto se realice unicamente mediante a utilización das papeletas que existen nos colexios electorais, evitando así o sobre custe derivado do actual modelo e o posible acarreo de votos aos colexios electorais.

Resolución número 6

Que polo Consello de Contas se estenda a fiscalización electoral aos gastos de publicidade institucional durante a campaña e o trimestre anterior á celebración dos comicios en comparación con períodos asimilables anteriores.



GP POPULAR DE GALICIA (doc. núm. 9936)

Resolución número 1:

Apróbase o Informe de Fiscalización das contabilidades electorais correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 25 de setembro de 2016.

Resolución número 2

Impulsar a efectividade das recomendacións incluídas no Informe de Fiscalización das contabilidades electorais correspondente ás eleccións ao Parlamento de Galicia do 24 de setembro de 2016, coa suficiente antelación, antes do vindeiro proceso electoral.

Resolución número 3

O Parlamento de Galicia insta ao Consello de Contas para que interese do Tribunal de Contas do Estado o remate dos traballos de adaptación do Plan de Contabilidade Adaptado ás Formacións Políticas ás prescricións establecidas pola Lei Orgánica 3/2015, do 30 de marzo, de control da actividade económico-financiera dos Partidos Políticos, aprobando un novo texto que sexa de aplicación efectiva para todas as formacións políticas.

Resolución núm. 4

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a adaptar o réxime xurídico vixente en materia de financiamento das formacións políticas, regulando o emprego das novas formas de financiamento tales como as chamadas “crowdfunding”, “microcréditos” ou “micropréstamos”, que actualmente non son contemplados pola lexislación especificamente aplicable a esta materia, para configurar un marco xurídico máis axeitado e para avanzar na mellora do control dos fondos públicos.